

NOTA DE PRENSA

MARCO 21º ANIVERSARIO

Do 17 ao 19 de novembro

Programación especial de actividades

Cada 13 de novembro, o MARCO cumpre anos dende a súa apertura ao público en 2002. Con motivo deste Aniversario, o Museo ofrece unha **programación especial** durante a fin de semana **do 17 ao 19 de novembro: obradoiros de arquitectura** para público **infantil e familiar**, actividades do **Festival Vertixe**, unha nova sesión do **ciclo de cinema "Unha ponte coa lusofonía"**, e propostas para público **infantil e adulto** en torno á exposición de **Concha Martínez Barreto**. Ademais, a celebración prolóngase ata a última semana do mes, concretamente o 28 de novembro, coa visita de **Marcos Giralt Torrente**, protagonista da charla-encontro arredor da súa obra literaria e da figura do seu pai, o pintor **Juan Giralt**.



+ INFO web MARCO 📍 www.marcovigo.com

#MARCO21ANIV #MARCO21anos

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

VENRES 17 NOV

Quen é quen?

OBRADOIRO PARA PÚBLICO ADULTO

En torno á exposición *Cando remata o día*, de CONCHA MARTÍNEZ BARRETO

Conducido por Maria Xosé Martínez (Didáctica MARCO)

Participantes: persoas adultas, público en xeral

Venres 17 novembro, de 19.00 a 20.30

Salas de exposición e Espazo Anexo

Gratuíto. Previa inscrición en repcion@marcovigo.com



2

A obra de Concha Martínez Barreto (*Fuente Álamo*, Murcia, 1978) aborda temas relacionados coa memoria, a morte e o vínculo. A través de técnicas e medios moi diversos, indaga no pasado deixando constancia da dificultade de toda rememoración e, á vez, da importancia de mostrar os fragmentos, as pegadas que deixa o tempo. Usando unha poética coa que dá conta de como o pasado configura as nosas vidas, a artista opera como unha arqueóloga que revelase capas que permanecían ocultas, mostrando a profundidade do tempo, as feridas, o amor e, en definitiva, as raíces nas que se ancora a identidade.

Tomando como punto de partida algunhas das obras presentes na exposición do MARCO, neste taller traballaremos a partir de fotografías nas que illamos retratos de persoas para crear novas escenas, situándoas nun novo contexto de espazo e tempo.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

SÁBADO 18 NOV

De que está feita a arquitectura?

OBRADOIRO PARA PÚBLICO INFANTIL

En torno ao edificio do MARCO

Conducido por **Taller Abierto**

Participantes: público infantil **de 6 a 12 anos**. Máximo 20 participantes

Sábado 18 novembro, de 12.30 a 14.00

Edificio MARCO e Espazo Anexo

Gratuito. Previa inscrición en repcion@marcovigo.com



3

Neste obradoiro vinculado á observación e á vivencia do espazo, sacamos partido das posibilidades que ofrece o propio edificio do MARCO para motivar unha aprendizaxe significativa sobre a escala, as estruturas, a forma e función na arquitectura. Reflexionamos sobre a importancia do patrimonio, coñecemos as ferramentas dos profesionais da arquitectura e o seu vocabulario específico, e apreciamos as calidades formais e espaciais deste edificio. O traballo de observación combínase coa experimentación creativa, favorecendo a imaxinación e o desenvolvemento do pensamento diverxente vinculado ao patrimonio e á nosa contorna.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

SÁBADO 18 NOV

Cada moucho na súa oliveira

OBRADOIRO PARA PÚBLICO INFANTIL

En torno á exposición *Cando remata o día*, de CONCHA MARTÍNEZ BARRETO
Conducido por Maria Xosé Martínez (Didáctica MARCO)

Participantes: público infantil **de 3 a 6 anos**. Máximo 25 participantes

Sábado 18 novembro, de 11.00 a 12.30

Salas de exposición e Espazo Anexo

Gratuito. Previa inscrición en repcion@marcovigo.com



4

Na nosa visita ás salas da exposición de Concha Martínez Barreto, descubrimos varios tipos de refuxios para persoas e animais. Por exemplo, niños de andoriñas! Onde vimos outros similares? Observamos exemplos de distintos tipos de niños de aves e fixámonos nas súas diferenzas respecto a tamaño, material, habitantes, localización... A continuación, no taller, traballaremos con varios tipos de materiais para idear e construír o noso niño-refuxio para un animal alado, que pode ser real ou imaxinario.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

SÁBADO 18 NOV

“Intelixencia artificial. Pasado, presente e futuro”

CHARLA-ENCONTRO FESTIVAL VERTIXE SONORA

Como actividade previa ao concerto do domingo 19, Roberto Alonso e Marek Poliks conversan sobre o pasado, presente e futuro da IA en ámbitos musicais.

Organiza: **Vertixe Sonora**

Sábado 18 novembro, de 12.00 a 13.30

Salón de actos

Para público en xeral. Entrada libre ata completar capacidade



5

O futuro da música substituirá (e está a substituír) aos instrumentos e a instrumentalidade con verticalidades algorítmicas capaces de despregar e recombinar a totalidade histórica literal do audio gravado segundo macro-categorías baseadas no afecto. Facer música terá que pasar dunha experiencia en tempo real a unha de xeración de audio baseada en avisos, xestión de resultados e operacións de refinamento preparadas e impulsadas pola conformidade.

Neste encontro organizado por Vertixe Sonora e incluído nas actividades do Festival Vertixe, Roberto Alonso, creador do proxecto *Archon e Demiurge*, e Marek Poliks, conversarán sobre o pasado, presente e futuro da IA en ámbitos musicais.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

SÁBADO 18 NOV

“Unha ponte coa lusofonía”

CICLO DE CINEMA LUSÓFONO

4ª sesión do ciclo, dedicada a Angola

Organiza: **Abella Producións**

Coa colaboración de: Deputación Pontevedra, Concello de Vigo, Instituto Camões CCP Vigo

Sábado 18 novembro, de 19.00 a 20.30

Salón de actos

Para público en xeral. Entrada libre ata completar capacidade

PROGRAMA / PROXECCIONS

Malo (Dreça Manuel, 2023)

Nossa señora da loja do chinês (Ery Claver, 2022)



6

O ciclo “Unha ponte coa lusofonía” chega ao seu fin o 18 de novembro, coa sesión dedicada ao cinema contemporáneo de Angola e a proxección de dúas películas: a curtametraxe *Malo*, de Dreça Manuel, estreada recentemente en Angola, e a longametraxe *Nossa Senhora da Loja do Chinês*, de Ery Claver. Ambos os dous filmes, da premiada produtora Geração 80, foron seleccionados para varios festivais internacionais e retratan a nova realidade do cinema no país africano.

Nossa Senhora dá Loja do Chinês rodouse íntegramente na cidade de Luanda. O director ve historias nas que a cámara capta a realidade, pero a cámara, a diferenza dos ollos, non chora; a cámara é unha fría escrava da realidade, non está permitido soñar. *Malo*, a peza máis recente da directora Dreça Manuel, estreouse no prestixioso concurso Unitel Angola Move 2023, onde recibiu o premio á mellor curta.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

DOMINGO 19 NOV

Arquitectura no museo: un xogo de pistas e percorridos

OBRADOIRO PARA PÚBLICO FAMILIAR

En torno ao edificio do MARCO

Conducido por **Taller Abierto**


Participantes: público infantil a partir **de 5 anos acompañado de persoas adultas**

Máximo 36 participantes

Domingo 19 novembro, de 12.00 a 13.30

Edificio MARCO e Espazo Anexo

Gratuito. Previa inscrición en repcion@marcovigo.com



Un plano e un caderno de campo para descubrir o MARCO, serven de guía para este taller familiar. Unha experiencia didáctico-sensorial a través dunha secuencia de actividades que, como un circuíto de probas encadeadas, supón unha mirada alternativa cara ao lugar. A través do xogo simbólico, persoas adultas e público infantil convértense en exploradoras por un día, observan con detenimento buscando pistas, e viven o espazo pasado e presente de forma consciente e creativa. Un taller que promove o diálogo interxeracional, experimentando coas posibilidades que brinda o espazo, e que nos axuda a entender o pasado do edificio e a súa transformación en museo.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

DOMINGO 19 NOV

ARCHON. Verbas do Demiurge

CONCIERTO FESTIVAL VERTIXE SONORA

Biblioteca de obxectos de improvisación libre, dispositivos analóxicos e medios electrónicos con soporte visual

Roberto Alonso (violín, multimedia) e Iván Ferrer-Orozco (medios electrónicos)

Organiza: **Vertixe Sonora**

Domingo 19 novembro, de 13.00 a 14.30

Salón de actos

Para público en xeral. Entrada libre ata completar capacidade



Archon é unha interface de código aberto deseñada para *Demiurge*, ecosistema de rendemento xenerativo impulsado pola aprendizaxe automática. *Demiurge* e *Archon* foron construídos na crenza de que a música do futuro terá como punto de partida o post traballo; suplantando os instrumentos pola transferencia de estilo, a xeración de bibliotecas de mostras e a proliferación de patróns; substituíndo o propio estudio por operacións de conformidade preparadas.

ACTIVIDADES / MARCO 21º ANIVERSARIO

MARTES 28 NOV

“A pintura dun pai”

Conversa sobre a obra de **Juan Giral** e a novela *Tiempo de vida*, de **Marcos Giral** **Torrente**

Actividade complementaria Club de Lectura #BiblioMARCO

Coa participación de: **Marcos Giral** **Torrente**, **Miguel Fernández-Cid**, **Ramón Rozas**

Organiza: Biblioteca-Centro de documentación MARCO

Martes 28 novembro, de 19.00 a 20.30

Salón de actos

Aberto ao público en xeral ata completar capacidade

Posibilidade de reserva de praza para participantes Club Lectura #BiblioMARCO e AAM,

Agrupación Amiga do MARCO a través do correo-e centro.documentacion@marcovigo.com (do 21 ao 27 de novembro)



Dentro da programación do Club de Lectura #BiblioMARCO, e no contexto da exposición de JUAN GIRALT no MARCO, elixiuse como primeira lectura da tempada *Tiempo de Vida*, de Marcos Giral

Torrente, fillo do pintor e co comisario da mostra. Como actividade complementaria do Club de Lectura, e en relación coas actividades do 21º Aniversario, a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO organiza este encontro co escritor Marcos Giral

Torrente, a modo de conversa co xornalista e crítico de arte Ramón Rozas, e o director do MARCO, Miguel Fernández-Cid, que tamén comisaría a mostra.

Contacto Comunicación e Prensa

Marta Viana Tomé

comunicacion@marcovigo.com

+34 986 113900 ext. 308 / 886 129061